



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 12/05/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

NON ASISTE

FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 12/05/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requirese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 28/04/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 28/04/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

COMUNICACION PREVIA DE OBRAS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2021/U010/000006

Visto o escrito co número 2021/000/00001659 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/08/2021, presentado por Raúl Rodríguez Figueira, de comunicación previa de obras consistentes na conexión coa rede xeral de saneamento con destino a vivanda (Referencia catastral número 8522108MH7582S0001FQ).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 24/08/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante o número 2021/000/00001034 (RS) de 6/09/2021, dirixese oficio a Raul Rodríguez Figueira, no que se lle comunica que para continuar coa tramitación do expediente, deberá solicitar autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberá acadar un proxecto de urbanización realizado por técnico competente para solicitar a autorización antes indicada.

Resultando, que con data 19/04/2022, a Axencia Galega de Infraestruturas, emite resolución de autorización de obras de acometida á rede de saneamento.

Vista a acta de comprobación documental de data 12/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Raúl Rodríguez Figueira, o título habilitante para a realización de obras de conexión coa rede xeral de sumidoiros con destino a unha vivanda (Referencia catastral número 8522108MH7582S0001FQ), debendo en todo caso repoñer o firme co mesmo material que o pavimento orixinal e cumprir coas seguintes condicións especificadas reflectidas na Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos2 publicada no BOP número 209 da Coruña, de data 4/11/2016:

- As obras de cometidas ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do cal serán continuadas ou dirixidas pola empresa



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á rede a cargo do peticionario.

Se estas obras de acometidas ás redes municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administracións Públicas terán que executarse polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas devanditas administracións nas autorizacións que, se procede, concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento.

En todo caso as obras de acometida a estas redes de servizo municipais teranse que executar, coas seguintes condicións:

a) Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b) Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima do 2%.

c) Desde a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160 mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida entre o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non se permitindo curvas nin cambios de dirección sen a arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d) A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e) No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antiretorno.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

f) O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g) A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h) Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as que terán que ser canalizadas cara a cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i) O interesado comunicárase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo, pola dita concesionaria.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000130

Visto o escrito co número 2021/000/00002043 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/10/2021, presentado por María del Carmen Canosa Buiturón, de comunicación previa de obras consistentes na continuación da construción do muro de peche existente, nunha lonxitude aproximada de 80 metros lineais e altura de 80 centímetros, pola zona sur da parcela (Referencia catastral número 15038A50200118 e 15038A50200119).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 13/10/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberase recadar autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Considerando, que mediante o número 2021/000/00001881 (RS) de 22/10/2021, dirixese oficio á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, xunto coa documentación que consta no expediente para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante o número 2021/000/00001882 (RS) de 22/10/2021, dirixese oficio a María del Carmen Canosa Buiturón, no que se lle comunica que o expediente que se tramita ao seu nome foi remitido a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que emita o correspondente informe sectorial. Así mesmo, comunícaselle que se paralizan os prazos deste expediente ata a recepción do informe sectorial solicitado.

Resultando, que con data 29/10/2021, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, informa que a solicitude de peche de parcela, atópase fora do territorio histórico do Camiño de Santiago, pero si que afecta a elementos



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

catalogados, polo que este expediente envíase á Xefatura Territorial da Coruña (Servizo de Patrimonio Cultural) que é a administración competente para resolvelo.

Resultando, que con data 5/04/2022, o Servizo do Patrimonio Cultural, resolve autorizar as obras para a execución do peche solicitado coas condicións que figuran no informe arqueolóxico dos servizos técnicos, polo que deberase presentar un proxecto de control e seguimento arqueolóxico, non podendo comezar as obras en tanto non sexa autorizado dito proxecto.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 12/04/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberá presentarse proxecto de control e seguimento arqueolóxico que deberá ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Considerando, que mediante o número 2022/000/00000233 (RS) de 19/04/2022, dirixese oficio a María del Carmen Canosa Buiturón, remíteselle unha copia do informe técnico de 12/04/2022, e se lle require que presente a referida documentación para continuar coa tramitación do expediente.

Resultando, que con data 4/05/2022, o servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, resolve autorizar as obras de peche solicitadas.

Vista a acta de comprobación documental de data 12/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a María del Carmen Canosa Buiturón, o título habilitante para a realización de obras consistentes na continuación da construción do muro de peche existente, nunha lonxitude aproximada de 80 metros lineais e altura de 80 centímetros, pola zona sur da parcela (Referencia catastral número 15038A50200118 e 15038A50200119), debendo ter en conta en todo caso que:

- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000154

Visto o escrito co número 2021/000/00002386 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/11/2021, presentado por José Antonio Morgado Vilela, de comunicación previa de obras consistentes na substitución de pasamáns e balconada con vidro e metal, así como novo portal de acceso con inox, na vivenda (Referencia catastral número 1547510MH8514N0001WA).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 24/11/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberá acadarse autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Considerando, que mediante o número 2021/000/00001988 (RS) de 26/11/2021, dirixese oficio á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, xunto coa documentación que consta no expediente para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 28/04/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, resolve autorizar a execución das obras de substitución das reixas e cancelas do peche da parcela (con referencia catastral 1547510MH8514N).

Vista a acta de comprobación documental de data 11/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a José Antonio Morgado Vilela, o título habilitante para a realización de obras no domicilio de residencia, consistentes na substitución de pasamáns, balconada e portal de acceso á vivenda, debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Non se autoriza a substitución da baranda da escaleira exterior, por unha nova de postes e pasamáns de aceiro lacado negro con panos de vidro.
- Substituirase a totalidade de reixas e cancelas existentes no peche frontal da parcela, incluso o pano mías a esquerda coa cancela de acceso á escaleira, por unhas novas de aceiro lacado con acabado mate, en cor negra de código NCS 9000-N, segundo indica a Guía de cor e materiais de Galicia para as cerrallarías.
- A altura das novas carpinterías non superará a da coroación actual dos postes de fábrica do peche. Procurarase que as reixas e cancelas teñan a maior sinxeleza de liñas e simplicidade de deseño, evitando solucións imitativas de antigos motivos ornamentais de forxa ou fundicións. As seccións dos bastidores e dos montantes intermedios serán continuas, rectangulares, cadradas ou circulares, coa mínima dimensión necesaria.
- En calquera caso, non se admitirá a colocación de apantallamentos, con elementos no vexetais como teas, canizos ou sebes artificiais acaroadas ás reixas e cancelas ou ancoradas a esta.
- Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira realizar, deberá ser novamente sometida a autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En tal caso, na nova proposta deberán detallarse claramente as obras a realizar, tendo en conta os criterios de integración na paisaxe do Camiño.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000049

Visto o escrito co número 2022/000/00000697 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/04/2022, presentado por Alfredo Calvo Sarandeses, de comunicación previa de obras de limpeza do teito da vivenda sita no domicilio de residencia con auga a presión. (Referencia catastral número 8216122MH7581N0001EX).

Vista a acta de comprobación documental de data 3/05/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia., a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a Alfredo Calvo Sarandeses, o título habilitante para a realización de obras consistentes na limpeza do teito da vivenda, sita no domicilio de residencia, con auga a presión. (Referencia catastral número 8216122MH7581N0001EX).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000054

Visto o escrito co número 2022/000/00000748 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 29/04/2022, presentado por María Teresa Vilar Lago, de comunicación previa de obras de limpeza do teito e pintado en cor branco das fachadas da vivenda sita no domicilio con referencia catastral número 0844901MH8504S0001RG.

Vista a acta de comprobación documental de data 12/05/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia., a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a María Teresa Vilar Lago, o título habilitante para a realización de obras consistentes na limpeza do teito e pintado en cor branco das fachadas da vivenda sita no domicilio de residencia, con referencia catastral número 0844901MH8504S0001RG.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000057

Visto o escrito co número 2022/000/00000760 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 2/05/2022, presentado por Juan Bautista Canosa Senlle, de comunicación previa de obras consistentes no peche lateral e posterior, con muro de base de formigón e parte superior de bloque, cunha lonxitude de 180 metros e altura



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de 1,50 metros, dunha parcela (Referencia catastral número 15038A502012560001EX).

Vista a acta de comprobación documental de data 12/05/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Juan Bautista Canosa Senlle, o título habilitante para a realizar de obras consistentes no peche lateral e posterior, con muro de

base de formigón e parte superior de bloque, cunha lonxitude de 180 metros e altura de 1,50 metros, dunha parcela sita no lugar de Castromiñán, 42 deste termo municipal (Referencia catastral número 15038A502012560001EX).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000063

Visto o escrito co número 2022/000/00000847 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 12/05/2022, presentado por Juan Bautista Louzán Lago, de comunicación previa de obras consistentes no pintado da fachada dunha vivenda (Referencia catastral número 0945204MH8504N0001MU).

Vista a acta de comprobación documental de data 12/05/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a Juan Bautista Louzán Lago, o título habilitante para a realización das obras consistentes no pintado en cor branca, da fachada dunha vivenda (Referencia catastral número 0945204MH8504N0001MU).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000061

Visto o escrito co número 2022/999/00000341 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 2/05/2022, presentado por María de las Mercedes Mouzo Baña, en nome e representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACION TIRA, con NIF: H-70.190.731 e domicilio electrónico de notificacións a través do mail comunidades@asecorxestion.com, de comunicación previa de obras consistentes no pintado de fachadas do edificio (Referencia catastral número 8318907MH7581N0000QZ).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 12/05/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, desprendese que mediante sentenza firme 111/2019 de data 29/06/2009, recaída no procedemento ordinario 89/2007 (ETJ 22/2020), estimando o recurso presentado pola Xunta de Galicia anulando o acto de outorgamento de licenza. Anulada a licenza pola sentenza do TSJ de Galicia estamos ante unha construción que non conta con título habilitante, polo que é de aplicación o artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que regula as obras e usos sen o título habilitante esixible en cada caso ou sen se axustar ás condicións sinaladas nel. Polo que non cabe a realización das obras expresadas na comunicación previa presentada, polo que debe declararse a ineficacia da comunicación previa presentada.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Non acceder ao solicitado por María de las Mercedes Mouzo Baña, en nome e representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACION TIRA, con NIF: H-70.190.731 e declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para o pintado de fachadas do edificio (Referencia catastral número 8318907MH7581N0000QZ).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) ASUNTOS VARIOS

3.1 - LICENZA DE INSTALACION



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A) EXPEDIENTE: 2022/U027/000001

Visto o escrito co número 2021/999/00000728 do RET de 18/11/2021, presentado por Basilio Canosa Díaz, en nome e representación de Antía Rivas Castreje, de licenza de actividade de cafetería con xogos infantís, no local existente con referencia catastral número 8607445MH7580N0002GY, en base ao proxecto técnico de ampliación e reforma da instalación dunha cafetería con zona de ocio infantil realizado por Consulting Técnico de Ingeniería, S.A.P. (COTISA), Jacobo Guillén Pérez, enxeñeiro Industrial colexiado nº 1541 do ICOIIG.

Visto o informe de data 17/03/2022, realizado polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que, mediante oficio co número 2022/999/00000251 (RST) de 23/03/2022, remíteselle a Antía Rivas Castreje, copia do informe técnico de 17/03/2022.

Considerando que co número 2022/999/00000326 (RET) de 26/04/2022, Jacobo Guillén Pérez, en representación de Antía Rivas Castreje, aporta documentación complementaria e Anexo ao proxecto técnico da instalación dunha cafetería con zona de ocio infantil, realizado por COTISA, S.A.P., Jacobo Guillén Pérez, colexiado nº 1541 do ICOIIG.

Considerando que con data 3/05/2022, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación emite informe no que se declara completa a documentación presentada para realizar as obras expresadas na comunicación previa.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Antía Rivas Castreje, licenza para a realización de obras de reforma e acondicionamento de local existente para poder destinalo a cafetería con zona de oficio infantil, no baixo que se localiza na rúa Federico Avila, 3 de Fisterra, con referencia catastral número 8607445MH7580N0002GY, e consistentes en:

- Distribución completa do local respectando a estrutura actual e a súa fachada.
- Instalación de dous aseos un deles adaptado.
- Instalación dunha cociña e nova instalación de baixa tensión e contra incendios.
- Instalación de nova ventilación forzada.

2º) Unha vez realizadas as obras, para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

3º) Deberá presentar informe da Axencia de Turismo de Galicia relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos.

4º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.2 - RESERVA DE VIA PUBLICA

EXPEDIENTE: 2022/V008/000005

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000756 (RE) de 2/05/2022 por Agustín Oliveira Benlloch, no que solicita autorización para a reserva de 1 x 2 metros da vía pública (2m2) para carga e descarga de mercaderías do Supermercado COVIRAN (referencia catastral número: 8611406MH7581S0001YU).

Visto o informe técnico favorable de data 12/05/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que a reserva de vía pública solicitada cumpre co establecido na ordenanza reguladora da reserva de entrada e saída de vehículos.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a Agustín Oliveira Benlloch, autorización para a reserva de vía pública de 1 x 2 metros (2 m2) para carga e descarga de mercaderías do Supermercado COVIRAN, (referencia catastral número: 8611406MH7581S0001YU).

2º) Dalo de alta no padrón municipal de vados e reservas de vía pública para o ano 2022, co número 1-2022, por un importe anual de corenta euros (40,00 €).

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.3 - AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000785 (RE) de 5/05/2022, por J. E. S., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social.

Visto o informe de data 9/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de trescentos euros (300,00 €).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. E. S, unha axuda económica de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000812 (RE) de 9/05/2022, por M. J. P. F., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social para bens de primeira necesidade.

Visto o informe de data 10/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de trescentos euros (300,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a M. J. P. F., unha axuda económica de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

3.4 – TARXETA DE ESTACIONAMENTO

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000831 (RE) de 11/05/2022, por M. S. V. L., no que solicita a tarxeta de estacionamento por ser unha persoa con problemas de mobilidade.

Visto o informe de data 11/05/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con problemas de mobilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a M. S. V., a tarxeta de estacionamento, por ser persoa con problemas de mobilidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.